

AS CIDADES DO POÑENTE

Hai tempo que debín ocuparme deste libro de Antonio Pereira, premio Torrente Ballester de Narrativa da Deputación da Coruña deste ano, premio do bo facer do cal se ocupa ese gran poeta e escritor coruñés, ademais de crítico formidable, que é César Antonio de Molina, quen, igual ca min, padece na Corte por razón de oficio. Non sei de premio con xurado tan nutrido coma o Torrente, no que, ademais do seu titular, que delega noutro, hai polo menos once xuíces máis, contando, iso si, con Rafael Fernández Morera, presidente da Deputación, e con quen preside a Comisión de Cultura da mesma, Regueiro Díaz.

Hai anos había un premio de artigos que tiña trece membros no xurado: era o 'Temas' e déronmo a min en 1967, cando era xornalista novo.

Pagábase moi ben: cen mil pesetas daquela, que era unha pequena fortuna, e máis para un recién casado coma min. Por iso lembro o do xurado.

Tamén sei que, sendo trece, nunca había pleno de xurado para non dar na diana do mal fado. Non é o caso de Torrente Ballester, claro, anque Gonzalo faga rancho á parte. O mellor engánome e é para non chegar a trece. O que acabo de dicir non é broma senón só intento de mete-lo lector na atmosfera do libro de relatos de Antonio Pereira, un home especialmente dotado para o conto no que nada pasa pero todo é posible.

Pereira —non sei que lle falta para ser galego, sobre todo agora, despois do Torrente— naceu en Vilafranca —perdón Vilafranca— do Bierzo e di a lenda que o seu berce foi mexido por unha pequena e inesperada ondada dese río pacífico que é o Burbia, algo tan vital para o corazón de Antonio que sofre o indicible cando alguén a prol de non sei que importante industria, o represa e o asfixia.

Non sei se o Burbia corre cara ó Poñente, cara ás cidades que Pereira viu sempre propicias para o espírito, o do viño ou o do murmurio amoroso ou irónico ó oído. Non me estrañaría nada que, despois de engrosa-las augas do pantano, máis abaixo da señorial e señorita capital do Bierzo, o Burbia acabase no seo do Sil para facer el, tamén e á súa maneira, Atlántico, Poñente en definitiva.

Eu sabía que tiña que ocuparme deste libro, pero entretíveme co Burbia, que é unha maneira de deixar que os outros —que xa o fardan— comenten como se merece a desvergoñá da pintora guiri que chega ó pobo disposta a contratar modelos para os seus espidos masculinos.

¡Que desvergoña!



Luís Blanco Vila